



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA VEINTISETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES .

En Alfoz, no Salón de Sesións da Casa Consistorial, ás catorce horas do día vinteseite de xaneiro dous mil vinte e tres, xúntase a Corporación Municipal en Pleno, en primeira convocatoria, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria remitida ao efecto aprobada por Decreto da Alcaldía 19/2023 de data 24 de xaneiro.

Presidente:

Don Jorge Val Díaz (PSdeG-PSOE)

Concelleiros asistentes :

Dona Ana Aránzazu Incera Ares (PSdG-PSOE)

Don César Marrube Novo (PsdG- PSOE)

Don Cándido Paleo Rejes (PsdeG-PSOE)

Don Jacobo Geada Adrio (Partido Popular)

Dona Raquel Rouco Iglesias (Partido Popular)

Dona Efigenia Maseda Paz (VIA ALFOZ).

Don Eliseo Lorenzo García (VIA ALFOZ).

Concelleiros ausentes:

Dona María Luisa Goás Lorenzo (PsdG-PSOE), xustificando causa .

Secretaria:

D^a María Sofía Sanmartín Novoa.

Os concelleiros asistentes constitúen máis dun tercio do numero de membros da Corporación, co fin de constituirse en sesión plenaria en primeira convocatoria.

Aberta a sesión, pásase a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión conforme a convocatoria remitida, que son:

ORDEDODIA:

PARTE DISPOSITIVA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES(25/11/2022 E 15/12/2022).

2.- INADMISION RECURSO PRESENTADO CONTRA O ACORDO PLENO 25 11 2022 DE DESESTIMACION DE RECURSO DE REPOSICIÓN RECUPERACION





CAMIÑO CASCADRADO(EXPEDIENTE 121/2022).

3.- ELEVACION INFORME DO TRIBUNAL DE CONTAS : FISCALIZACIÓN RELATIVA Á ORGANIZACIÓN E RESULTADOS DO CONTROL INTERNO, ASÍ COMO AS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCIERO DOS CONCELLOS EXERCICIO 2020.

4.- APROBACION PROVISIONAL EXPEDIENTE DELIMITACIÓN SOLO DE NUCLEO RURAL DE A GRANDA.

5.-MOCIONS .:

5.1. MOCION VIA ALFOZ: NECESIDADES DE CUBRIR AS BAIXAS DOS MÉDICOS DO CENTRO DE SAÚDE .

5.2. MOCION SOLICITANDO O INDULTO PARA ROCKY MYERS(AMNISTIA INTERNACIONAL).

6- ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.

PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

7- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS ANTERIORES(25/11/2022 E 15/12/2022).

Pregunta o Sr. Alcalde se algún concelleiro quere facer algunha intervención . Non se producen.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria , co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación ás actas correspondentes á sesión ordinaria de data 25 de novembro de 2022 e extraordinaria de data 15 de decembro de 2022.

2.- INADMISION RECURSO PRESENTADO CONTRA O ACORDO PLENO 25 11 2022 DE DESESTIMACION DE RECURSO DE REPOSICIÓN RECUPERACION CAMIÑO CASCADRADO(EXPEDIENTE 121/2022).

Toma a palabra o Sr. Alcalde para informar aos concelleiros asistentes que presentouse recurso contra o último acordo adoptado no Pleno neste asunto, solicitando a suspensión. Existe informe en contra do pedido.

Non se producen intervencións,

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di:

“Vistos os seguintes antecedentes:

- Acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 22 de xullo de 2022 de desestimación das alegacións presentadas ao Decreto da Alcaldía de data 27 de abril de 2022 recaído no expediente 121/2022 sobre recuperación do uso do





camiño Coto da Croa, Cascadrado, de titularidade pública municipal engadido no Inventario de Camiños 1.C.1.0096, por Domingo Luaces Rey, Dona Amelia Basanta Eiroá e Don Francisco Basanta Eiroá, polos motivos expresados no informe xurídico emitido pola Secretaria- Interventora en data 12 de xullo de 2022, do que se remitiu copia aos interesados xunto coa notificación do citado acordo.

No mesmo acordo se decide o exercicio de acción recuperatoria do uso do camiño Coto da Croa, Cascadrado, de titularidade pública municipal (Inventario de Camiños 1.C.1.0096), requerindo aos interesados para que no prazo máximo de dez días hábiles se proceda á retirada dos peches aos que se refire o informe técnico de data 26 de abril de 2022, ao que tamén os interesados tiveron acceso.

Contra o citado acordo plenario do mes de xullo se formularon dous recursos de reposición:

- 1º. Amelia Basanta Eiroá, data 12 de agosto de 2022. (RE 1258).
- 2º. Domingo Luaces Rey, data 07 de setembro de 2022 (RE 1378).

Os citados recursos de reposición teñen o mesmo contido, sendo ambos documentos presentados idénticos, e foron presentados en prazo e conforme o previsto artigo 16.4,b) da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Informe xurídico previo á adopción do acordo resolutorio dos citados recursos de data 11 de outubro de 2022.

- Acordo do Pleno da Corporación de data 25 de novembro de 2022, que na súa parte dispositiva di:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR o recurso de reposición interposto por Dona Amelia Basanta Eiroá en data 12 de agosto de 2022(Re 1258) contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 22 de xullo de 2022 recaído no expediente 121/2022, polas razóns xurídicas expostas no informe xurídico neste acordo reproducido.

SEGUNDO.- DESESTIMAR o recurso de reposición interposto por Don Domingo Luaces Rey en data 07 de setembro de 2022(Re 1378) contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 22 de xullo de 2022 recaído no expediente 121/2022, polas razóns xurídicas expostas no informe xurídico neste acordo reproducido.

TERCEIRO.- Reiterar a obriga dos interesados, nun prazo máximo de dez días hábiles, de proceder á retirada dos peches aos que se refire o informe técnico de data 26 de abril de 2022; transcorrido o devandito prazo o Concello, a través de persoal propio ou alleo, realizará o acto por si, con todos os gastos a cargo do mesmo, incluídos os honorarios dos Técnicos que no seu caso se devenguen.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo aos interesados no procedemento; contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen perxucio das accións que estime máis convintes ao seu





dereito.

- O citado acordo foi notificado aos interesados, constando en Rexistro que a Sra Basanta Eiroá recibiu o día 02 de decembro de 2022.

- En data 20 de decembro de 2022 recíbese escrito da citada no que se indica que sendo notificada do mesmo pón de manifesto que se procederá á impugnación do indicado acordo ante a xurisdicción contencioso- administrativa, sen perxuício da adopción de accións de toda índole, e que interesa a suspensión da executividade da citada resolución ao abeiro do artigo 117.2.b) da Lei 39/2015, ao concorrer as causas de nulidade expresadas no recurso de reposición.

Ante tal escrito esta Alcaldía acorda a emisión de informe xurídico , incorporándose o día 18 de xaneiro de 2023, do que se extraen as condicións xurídicas e a proposta que responden ao seguinte:

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

PRIMEIRA.- A sra Basanta Eiroá interesa a suspensión da executividade do acordo plenario de data 25 de novembro de 2022.

Se analiza que a solicitude de suspensión é presentada o día 20 de decembro de 2022, que precisamente é último dos dez días hábiles que determinada o citado acordo plenario como prazo para proceder á retirada dos peches.

SEGUNDO.- A solicitude de suspensión de executividade se efectúa no escrito presentado pola Sra Basanta en base ao indicado no artigo 117.2.b , da Lei 39/2015. O citado artigo di:

“ Artículo 117. Suspensión de la ejecución.

1. La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, **el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:**

a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.

b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.

3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. En





estos casos, no será de aplicación lo establecido en el artículo 21.4 segundo párrafo, de esta Ley.

4. Al dictar el acuerdo de suspensión podrán adoptarse las medidas cautelares que sean necesarias para asegurar la protección del interés público o de terceros y la eficacia de la resolución o el acto impugnado.

Cuando de la suspensión puedan derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.

La suspensión se prolongará después de agotada la vía administrativa cuando, habiéndolo solicitado previamente el interesado, exista medida cautelar y los efectos de ésta se extiendan a la vía contencioso-administrativa. Si el interesado interpusiera recurso contencioso-administrativo, solicitando la suspensión del acto objeto del proceso, se mantendrá la suspensión hasta que se produzca el correspondiente pronunciamiento judicial sobre la solicitud.

5. Cuando el recurso tenga por objeto la impugnación de un acto administrativo que afecte a una pluralidad indeterminada de personas, la suspensión de su eficacia habrá de ser publicada en el periódico oficial en que aquél se insertó.”

O citado artigo 117 da Lei 39/2015 se atopa no Capítulo II Recursos Administrativos, do Título V (Revisión dos actos en vía administrativa), dentro dos principios xerais. Tanto polo esquema normativo indicado como pola literalidade do citado artigo, debe de afirmarse que a suspensión da executividade presentada ao abeiro do artigo 117.2.b) **DEBE ESTAR VINCULADA Á INTERPOSICIÓN DUN RECURSO ADMINISTRATIVO.**

Esta afirmación atopa sentido a xuicio da informante ao considerar a suspensión como medida cautelar a adoptar no procedemento administrativo que se tramita para a resolución dos recursos administrativos, é dicir, como unha excepción á regra xeral de que a interposición dun recurso contra un acto administrativo non suspende a execución do mesmo; e aínda que a lei non sinala o momento no que ten que solicitarse a suspensión da execución do acto, debería solicitarse sempre que non se teña executado ou se teña resolto pois o que implica é a imposibilidade de execución do acto antes de que exista un pronunciamiento sobre o mesma ao resolver sobre o recurso administrativo.

Este mesmo sentido indícao o apartado catro do artigo 117 cando di que “La suspensión se prolongará después de agotada la vía administrativa cuando, habiéndolo solicitado previamente el interesado, exista medida cautelar y los efectos de ésta se extiendan a la vía contencioso-administrativa. Si el interesado interpusiera recurso contencioso-administrativo, solicitando la suspensión del acto objeto del proceso, se mantendrá la suspensión hasta que se produzca el correspondiente pronunciamiento judicial sobre la solicitud” . O anterior artigo 111.4 falaba de “poderá” prolongarse. Polo tanto, enténdese que é **unha suspensión para a vía administrativa, que esgotada unha vez resolto o recurso de reposición xa non procedería.**

Polo seu carácter excepcional, o réxime que se establece para poder ponderar a





suspensión dos efectos dun acto administrativo en vía administrativa require, en todo caso, que se cumplan dúas condicións previas:

1º. Que exista un acto administrativo; dito requisito existe, pois se pretende valer facer contra o acordo plenario de data 25 de novembro de 2022 polo que se desestima recurso de reposición contra previo acordo plenario de data 22 de xullo de 2022.

2º. Que fronte a este acto administrativo se interponga recurso en vía administrativo ou se teña iniciado procedemento de revisión de oficio.

Este requisito previo NON CONCORRE. A interesada pretende a suspensión da efectividade dun acordo (o de 25/11/2022) que ten a natureza de acordo de desestimación do recurso de reposición interposto contra acordo plenario de xullo do mesmo ano.

Tal e como se indica no propio acordo plenario de 25 de novembro de 2022, contra o mesmo unicamente cabe a interposición de recurso contencioso- administrativo , de conformidade co artigo 124.3 da mesma norma: 3. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso .

Se cita, entre a xurisprudencia, a sentenza do Tribunal Supremo de data 26 de xaneiro de 2011, que ao referirse á necesidade de solicitar a suspensión en vía xudicial , di:

: «Según el planteamiento de la recurrente, que se resume en la automática prolongación de la suspensión de la ejecutividad obtenida en vía previa ... durante la tramitación del proceso en sede jurisdiccional, no sería necesario impetrar del juez o tribunal que conoce del pleito media cautelar alguna, pero, evidentemente, no es tal el sistema el establecido en nuestro ordenamiento jurídico, en el que, por más que se suspenda la ejecutividad del acto impugnado en vía previa ..., el interesado, al ejercitar la acción en sede jurisdiccional, debe pedir al órgano jurisdiccional competente la adopción de la correspondiente medida cautelar para asegurar la efectividad de la sentencia, según establece el artículo 129.1 de la Ley de esta Jurisdicción, entre ellas, lógicamente, la suspensión de la ejecutividad del acto, a la que dicho órgano jurisdiccional puede acceder o no conforme a lo dispuesto en el artículo 130 de esta misma Ley, **sin estar para ello vinculado por la suspensión que se hubiese producido en vía administrativa por el silencio de la Administración, que no se prolonga más allá del trámite de decisión del recurso administrativo interpuesto o, en el caso de deducirse recurso en sede jurisdiccional, hasta que se produzca el correspondiente pronunciamiento judicial sobre la materia,...**».

Así pois, unha vez desestimado o recurso de reposición o interesado pode instar a suspensión do acto en sede contencioso-administrativa conforme ao disposto nos artigos 129 e seguintes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, pero non na sede administrativa que se entende esgotada.

TERCEIRO.- O estatuto da suspensión se regula partindo do principio xeral da inmediata validez e executividade dos actos e acordos dictados , así se establece no artigo 39.1 da





Lei 39/2015:

: «1. Los actos de las Administraciones Públicas sujetos al Derecho Administrativo se presumirán válidos y producirán efectos desde la fecha en que se dicten, salvo que en ellos se disponga otra cosa...»

CUARTO.- A Lei 39/2015 indica no seu artigo 115.2 que 2. El error o la ausencia de la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter

Se trae a sentencia do Tribunal Superior de Cantabria n.º 51/2019, de 21 de febreiro:

«(...) la naturaleza jurídica de un recurso administrativo viene dada por la impugnación, petición de nulidad, anulación o revocación, de un acto administrativo (resolución o acto de trámite cualificado). Este ámbito normativo se complementa con el art. [115.2](#) de la [LPACAP](#), vía aplicación del principio antiformalista, en la precisión de que lo determinante para determinar la existencia y tipo de recurso no es la denominación que le atribuya el recurrente sino la naturaleza que se evidencie de su contenido. (...) "Es doctrina consolidada de esta Sala del Tribunal Supremo que debe considerarse como recurso de reposición cualquier pretensión, formulada por parte legitimada para ello, que tienda a obtener la revocación del acto administrativo que se estima que es contrario a Derecho, para lo que basta que se pida su reforma y que se dirija al mismo órgano que dictó aquel, cuya jurisprudencia es conforme a la más elemental regla semiológica sobre el valor de los signos, que viene dado por el significado y no por el significante"».

A maiores, indicar que conforme o artigo 54 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, **Artículo 52.**

1. Contra los actos y acuerdos de las Entidades locales que pongan fin a la vía administrativa, los interesados podrán ejercer las acciones que procedan ante la jurisdicción competente, pudiendo no obstante interponer con carácter previo y potestativo recurso de reposición.

2. Ponen fin a la vía administrativa las resoluciones de los siguientes órganos y autoridades:

a) Las del Pleno, los Alcaldes o Presidentes y las Juntas de Gobierno, salvo en los casos excepcionales en que una ley sectorial requiera la aprobación ulterior de la Administración del Estado o de la comunidad autónoma, o cuando proceda recurso ante éstas en los supuestos del artículo 27.2.

b) Las de autoridades y órganos inferiores en los casos que resuelvan por delegación del Alcalde, del Presidente o de otro órgano cuyas resoluciones pongan fin a la vía administrativa.

c) Las de cualquier otra autoridad u órgano cuando así lo establezca una disposición legal.





CUARTO.- Polo que respecta ao prazo de un mes para resolver e notificar ao interesado a ponderación da suspensión, que se devenga o día 20 de xaneiro de 2023, indicar que segundo a doutrina(Campos Acuña, M^a Concepción"Comentarios a la Ley 39/2015 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas " , edición nº 1, **El Consultor de los Ayuntamientos**) :

- Aunque se haya producido la suspensión automática por el transcurso de un mes desde la entrada de la solicitud de la misma en el registro electrónico del órgano competente para ello, si se desestima el recurso administrativo pero no expresamente la suspensión, ésta se entiende igualmente desestimada y, para que se mantenga, es necesario volver a solicitarla en la vía jurisdiccional.

La [STS de 22-6-1998 \(Casación 7197/1994\)](#) nos dice que: «La compatibilidad del principio de ejecutoriedad de los actos administrativos con los principios y derechos constitucionales ha sido reconocido por el Tribunal Constitucional y por la jurisprudencia de esta Sala. El [art. 111.4 de la Ley 30/1992](#) se refiere, inequívocamente, a la suspensión de la ejecución de los actos administrativos durante la tramitación de los recursos de ese orden que quepa interponer contra ellos, pero no prejuzga el régimen del silencio que en cada caso proceda y, en consecuencia, la posibilidad de ejecutar aquellos actos cuando pueda considerarse desestimado el recurso interpuesto contra ellos. No se trata de imponer una suspensión indefinida del acto administrativo recurrido cuando no se resuelva expresamente ni sobre la suspensión ni sobre el recurso, sino que sobre la suspensión producida automáticamente cuando no se resuelva expresamente sobre esa petición, deducida al formular un recurso contra un determinado acto, opera el efecto derivado de la desestimación presunta del recurso administrativo interpuesto contra aquél y buena prueba de ello es que el propio recurrente al impugnar en un recurso contencioso-administrativo esa desestimación presunta ha creído conveniente pedir la suspensión de la ejecución del acto».

(..) la STS de 19-9-2000 (Casación 7793/1998) nos dice: «La parte recurrente invoca como infringido en la decisión judicial sobre suspensión de la ejecutividad del acto impugnado un precepto de la [LRJPAC](#) que establece cuándo debe entenderse suspendido el acto administrativo si la Administración que conoce de la impugnación del acto en vía de recurso administrativo no se pronuncia sobre la solicitud de suspensión. Con independencia de que hayan concurrido o no los presupuestos para su aplicación, esta suspensión se agota en todo caso con la resolución del recurso interpuesto. La suspensión acordada expresamente o mediante silencio por la Administración sólo se mantiene, en el caso de impugnación contencioso-administrativa, hasta que el Tribunal resuelve sobre ella: "Si el interesado interpusiera recurso contencioso-administrativo, solicitando la suspensión del acto objeto del proceso, se mantendrá la suspensión hasta que se produzca el correspondiente pronunciamiento judicial sobre la solicitud" ([art. 111 LRJPAC](#))».

QUINTO.- En resumo:

- En aplicación do principio antiformalista do artigo 115.2 da Lei 39/2015, se pode





entender que o escrito presentado pola Sra Amelia Basanta Eiroá en data 20 de decembro de 2022 pola que se interesa a suspensión da executividade do acordo plenario de data 25 de novembro de 2022 ao abeiro do artigo 117.2.B) da Lei 39/2015 por entender que concorren as causas de nulidade indicadas no recurso de reposición , é un novo recurso de reposición na medida en que a solicitude de suspensión da efectividade do acto administrativo se alega pola propia interesada (ao facer mención ao artigo 117) e se regula no ámbito de interposición de recurso administrativo.

- Non se pode entender a solicitude de suspensión da executividade dun acto administrativo fóra da interposición de recurso administrativo, pola regra xeral da inmediata executividade dos actos administrativos e a súa regulación legal; se entende, así que na interposición dun recurso administrativo a solicitude e valoración da suspensión da efectividade do mesmo ven sendo unha medida que carece de individualidade propia.

- Na medida en que o acordo do pleno de data 25 de novembro de 2022 xa é un acordo de desestimación de recurso de reposición previo interposto contra acordo do mesmo órgano de xullo de 2022, non cabe interpoñer contra él novo recurso en vía administrativa, por tela esgotada.

- De conformidade co artigo 116 da Lei 39/2015 é causa de inadmisión do recurso c) Tratarse de un acto no susceptible de recurso .

- A suspensión automática que se poda entender devengada o día 20 de xaneiro de 2023 quedará desestimada xunto coa inadmisión do recurso . É máis, incluso poderíase entender que non se ten producido ese automatismo na medida en que non é que proceda desestimar o recurso administrativo , senón que se inadmite o mesmo por non haber recurso por estar a vía agotada.

O Pleno ordinario da corporación deberá celebrarse, de acordo co acordo plenario previo, o día 27 de xaneiro de 2023, e ser convocado con alomenos dous días hábiles de antelación.

Á vista do exposto:

PROPONSE A INADMISION do recurso presentado por Dona Amelia Basanta Eiroá en data 20 de decembro de 2022 con solicitude de suspensión da executividade do acordo plenario de 25 de novembro de 2022 polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra acordo plenario de data 22 de xullo de 2022 sobre recuperación de oficio de Camiño Coto da Croa (Cascadrado), de conformidade co artigo 124.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas e terse agotada a vía administrativa.”

Á vista do citado informe xurídico , esta Alcaldía PROPON AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO.- A INADMISION do recurso presentado por Dona Amelia Basanta Eiroá en data 20 de decembro de 2022 con solicitude de suspensión da executividade do acordo plenario de 25 de novembro de 2022 polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra acordo plenario de data 22 de xullo de 2022 sobre recuperación de





oficio de Camiño Coto da Croa (Cascadrado), de conformidade co artigo 124.3 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas e terse agotada a vía administrativa, servindo de fundamentación o informe xurídico de data 18 de xaneiro de 2023 transcrito.

SEGUNDO.- Dése conta do presente acordo á interesada quen poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo , no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa , sen perxucio das accións que estime máis convintes ao seu dereito.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de oito votos a favor, unanimidade e maioría absoluta ,
ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

3.- ELEVACION INFORME DO TRIBUNAL DE CONTAS : FISCALIZACIÓN RELATIVA Á ORGANIZACIÓN E RESULTADOS DO CONTROL INTERNO, ASÍ COMO AS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCIERO DOS CONCELLOS EXERCICIO 2020.

Toma a palabra o Alcalde para solicitar á Secretaria- Interventora que informe aos concelleiros asistentes sobre o asunto. Por ésta , en resumo, se indica que xa tiveron coñecemento do procedemento de control efectuado neste Concello cando foi da adopción do acordo na anterior sesión do modelo de control interno simplificado, que debe reforzarse o control permanente posterior das subvencións concedidas , que se realizará o informe de auditoria do rexistro electrónico de facturas que non se viña facendo e que debe reforzarse o servizo con persoal cualificado. O Tribunal de Contas realizará supervisión da aplicación das medidas propostas.

Consta no expediente 129/2021 o exemplar completo do citado informe.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía que literalmente di:

“ Como xa se ten informado ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de data 25 de novembro de 2022 , o Concello de Alfoz entrou no muestreo realizado polo Tribunal de Cuentas no procedemento: “Fiscalización relativa a la organización y los resultados del control interno, así como a las actuaciones de control financiero de los ayuntamientos, ejercicio 2020”, sobre o que recaiu o Anteproxecto de informe de control interno ao que se formularon alegacións por parte desta Alcaldía e da Intervención en data 25 de outubro de 2022.

Na citada sesión, e á vista do anteproxecto de informe, este Pleno adoptou , a proposta da Intervención, acordo de aplicación do modelo de control interno





simplificado do Título V do R.D. 424/2017, de 28 de abril, por el que se regula el régimen jurídico del control interno en las entidades del Sector Público Local, así como a sustitución da fiscalización previa de dereitos e ingresos polo control inherente á toma de razón en contabilidade sen necesidade de control financeiro posterior , e polo que respecta á fiscalización previa de obrigas e gastos, manter o réxime de fiscalización plena ordinario.

En data 02 de xaneiro de 2023 recíbese (RE 2) comunicación do Tribunal de Contas polo que se traslada o “Informe definitivo de fiscalización relativa á organización e os resultados do control interno, así como as actuacións de control financeiro dos concellos exercicio 2020”, aprobado polo Pleno dese Tribunal en sesión de data 21/12/2022, con solicitude expresa de elevación al Pleno de este concello como entidade fiscalizada.

Á vista do exposto, esta Alcaldía por medio da presente:

Da conta ao Pleno da Corporación do “Informe definitivo de fiscalización relativa á organización e os resultados do control interno, así como as actuacións de control financeiro dos concellos exercicio 2020”, aos efectos oportunos.”

O Pleno dáse por enterado.

4.- APROBACION PROVISIONAL EXPEDIENTE DELIMITACIÓN SOLO DE NUCLEO RURAL DE A GRANDA.-

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que este expediente foi remitido á Xunta, que requeriu unha serie de documentación e nova aprobación.

Non se producen intervencións.

Vista a proposta da Alcaldía incorporada no expediente, que literalmente di:

“ Consta no expediente 64/2019 acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de 31 de xaneiro de 2020, sendo obxecto de exposición pública no Diario Oficial de Galicia correspondente ao mércores 04 de marzo de 2020, así como nos dous periódicos de maior difusión do Municipio.

Consta no expediente xustificantes de remisión certificada e con acuse de recibo aos propietarios colindantes , coa incidencia de dúas notificacións electrónicas rexeitadas: á Consellería de Infraestructuras e Movilidade, que sen embargo xa tivo coñecemento e oportunidade de informar como órgano afectado no expediente, e a Don José María Lamelas Rega, que reside na Residencia da Terceira Idade de Santa Maria de O Valadouro.

Non se recibiron alegacións no periodo de información pública nin no





sobradamente amplo prazo transcurrido entre a exposición dos anuncios (marzo de 2020) , as notificacións aos interesados (novembro de 2020) e a expedición de certificado en tal sentido (xullo 2022).

En data 14 de xullo de 2022 polo arquitecto técnico municipal se emite informe técnico no que se indica que o expediente de Delimitación do núcleo rural de A Granda contén a documentación sinalada no artigo 190 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia e conclúe emisión favorable aos efectos da continuación na súa tramitación para a súa aprobación provisional.

Logo de informe xurídico de data 19 de xullo de 2022 , o Pleno acorda o 22 de xullo de 2022 a aprobación provisional do proxecto de delimitación de solo de núcleo rural de A Granda , parroquia de San Pedro de Mor, coas modificacións resultantes dos informes sectoriais emitidos.

En cumprimento do citado acordo, o expediente foi remitido á Consellería de Urbanismo; en data 21 de setembro de 2022 se recibe requerimento do Servicio de Urbanismo da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, que indica:

a) Non se achega o proxecto que serviu para a aprobación inicial polo Pleno de 31.01.2020 que deberá aportarse debidamente dilixenciado con referencia a dito pleno.

b) Asímesmo deberase realizar un refundido do Proxecto e da documentación do Anexo de “Subsanación de erros en relación á zona de protección da estrada LU-160 e aportación de documentación complementaria en relación ás redes de abastecemento e saneamento existentes no núcleo”; sometelo a aprobación plenaria e remitilo debidamente dilixenciado con referencia a dito pleno de aprobación.

c) Non constan todas as notificacións individuais das persoas titulares das parcelas catastrais incluídas na aprobación inicial do delimitación (art. 78.2.a LSG) xa que existen parcelas a nome de varios titulares dos que non están todos individualmente notificados (27002A001000680000KT). Por outra banda deberanse acreditar as notificacións a varios propietarios que non recibiron os certificados de correos segundo o exposto no artigo 44 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (descoñecidos, dirección incorrecta, ausente e rexeitados)

d) Non consta o sometemento do proxecto tramitado ó Informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, preceptivo segundo o anexo II do RLSG. Por outra banda existe informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural de carácter favorable condicionado ao cumprimento de dous condicionantes e no informe de Augas de Galicia tamén favorable condicionado indícase a necesidade de corrixir a estimación do caudal necesario. Deberanse introducir os condicionantes e modificacións indicados no proxecto refundido.

Conforme consta no novo informe técnico emitido en data 20 de xaneiro de 2023:

- Solicítase a achega do proxecto que serviu para a aprobación inicial polo Pleno de





31.01.2020. Achegarase dilixenciado con referencia ao pleno de aprobación.

- Solicítase a realización dun refundido do Proxecto e da documentación do anexo. Consta no expediente o DOCUMENTO REFUNDIDO 01. DELIMITACIÓN DEL SUELO DE NÚCLEO RURAL. A GRANDA, redactado por Sara C. López Pérez con data de outubro de 2022. Que deberá de achegarse debidamente dilixenciado.

- Indícase que non constan todas as notificacións individuais das persoas titulares das parcelas castastráis incluídas na aprobación inicial da delimitación e detéctanse notificacións infructuosas.

Con data 17 de novembro de 2022 realízase publicación no BOE do Anuncio de notificación de 10 de noviembre de 2022 en procedemento Notificación relativa al expediente de delimitación de suelo del núcleo rural de A Granda (Alfoz) ID: N2201220073 que se achega coa documentación do expediente.

De acordo co certificado da Secretaria de data 19 de xaneiro de 2023 non constan alegación realizadas como consecuencia do anuncio publicado.

- Solicítase o sometemento do proxecto tramitado ó Informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, preceptivo segundo o anexo II do RLSG e indícase que existe informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural de carácter favorable condicionado ao cumprimento de dous condicionantes e no informe de Augas de Galicia tamén favorable condicionado indícase a necesidade de corruxir a estimación do caudal necesario.

Solicitouse o informe indicado que foi recibido con data 14.10.2022. Por outra banda introdúcense os condicionantes do informe da DX de Patrimonio Natural e realízanse as modificacións recollidas no informe de Augas de Galicia no proxecto refundido.

O técnico remata informando favorablemente o expediente.

A Secretaria- Interventora emite en data 24 de xaneiro de 2023 INFORME FAVORABLE á aprobación provisional do expediente de delimitación do solo de núcleo rural: A Granda, parroquia de San Pedro de Mor, concello de Alfoz, con proposta de acordo de aprobación.

Visto o estado de tramitación do expediente 64/2019 de Delimitación do Solo de Núcleo Rural de A Granda, conforme os seguintes antecedentes:

| Documento | Data/Núm. | Observacións |
|--|------------|-----------------|
| Informe técnico | 25/11/2019 | |
| Informe de Secretaría | 15/01/2020 | |
| Acordo de Pleno aprobación inicial | 31/01/2020 | |
| Anuncio no Diario Oficial de Galicia e Os Xornais A Voz de Galicia e El Progreso | 04/03/2020 | |
| Notificación aos titulares catastrais de terreos afectados | 06/11/2020 | |
| Certificado de Secretaría das alegacións presentadas | 13/07/2022 | SIN ALEGACIONES |





| | | |
|--|------------|----------------|
| Informe dos servizos técnicos municipais | 14/07/2022 | |
| Informe servizo xurídico | 19/07/2022 | Favorable |
| Acordo Pleno aprobación provisional | 22/07/2022 | Favorable |
| Requerimento servizo urbanismo | 21/09/2022 | |
| Publicación BOE notificacións individuais infructuosas | 17/11/2022 | |
| Certificado de presentación de alegacions | 19/01/2022 | Sen alegacions |
| Informe técnico | 20/01/2023 | Favorable |
| Informe xurídico | 24/01/2023 | Favorable |

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional polo Pleno deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 78 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.ll) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polo que PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO .- Aprobar provisionalmente o proxecto de delimitación de solo de núcleo rural de A Granda , coas modificacións resultantes dos informes sectoriais emitidos.

SEGUNDO.- . Una vez dilixenciado, elevar o expediente de delimitación de solo de núcleo rural referenciado á Consellería competente en materia de urbanismo co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria co resultado de oito votos a favor, unanimidade e maioría absoluta , ACORDA:

Prestar aprobación á proposta da Alcaldía na súa integridade.

5.-MOCIONS .:

5.1. MOCION VIA ALFOZ: NECESIDADES DE CUBRIR AS BAIXAS DOS MÉDICOS DO CENTRO DE SAÚDE .

Consta no expediente Moción presentada o día 23/01/23, n.º RE 51:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE A NECESIDADES DE CUBRIR AS BAIXAS DOS MÉDICOS DO CENTRO DE SAÚDE

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte MOCION para a súa discusión no PLENO.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:





O Centro de Saúde de Alfoz, pertencente ao Servizo Galego de Saúde (Sergas), presta á veciñanza de Alfoz un servizo fundamental para a promoción da saúde, vixilancia, información, diagnóstico e tratamento, sendo polo tanto imprescindible que para ditos servizos se conte cun número adecuado de profesionais.

Actualmente, o Centro de Saúde de Alfoz, da servizo a uns 1.500 usuarios, atendidos por dous médicos, necesarios para garantir unha correcta atención primaria.

Desde o Grupo Municipal de Via Alfoz facémonos eco das queixas dos usuarios do Centro de Saúde de Alfoz, comprobando que durante os últimos meses se prestaron os servizos de atención primaria cun só médico, xa que o Servizo Galego de Saúde (Sergas) non cubre a praza dos médicos que se atopan de vacacións ou en situación de baixa laboral, desviando ademais os recursos a outros centros de saúde de concellos próximos. Esta situación séguese producindo a día de hoxe, coa baixa por maternidade dunha doutora e, probablemente, se vai prolongar durante as próximas datas.

En Via Alfoz considérase que non se pode consentir a desculpa do Sergas de que a sobrecarga de traballo do Centro de Saúde de Alfoz non é excesiva, baseándose unicamente no ratio máximo desexable de pacientes por galeno, xa que a situación de cada centro de saúde é diferente, e no caso de Alfoz débese ter en conta a existencia de pacientes de avanzada idade, sendo o número de asistentes a consulta mais elevado que noutros centros. Tamén se debe ter en conta a dispersión da poboación de Alfoz, que fai que as visitas domiciliarias provoquen que o centro de saúde quede sen médicos en determinadas horas.

Por este motivo son moitos os veciños e veciñas que quedan desatendidos ao non poder asumir un só médico toda a carga de usuarios, situación que se agravará no caso de xurdir algunha urxencia

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte ACORDO:

Solicitar á Xerencia de Atención Primaria do Servizo Galego de Saude e á Xerencia de Xestión integrada de Lugo, Cervo e Monforte que proceda a cubrir as baixas dos médicos, que se atopan de vacacións ou en situación de baixa laboral, para a correcta atención dos usuarios do Centro de Saúde de Alfoz. “

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, a Sra Maseda Paz para indicar que é coñecido o problema de que o Centro de saúde está atendido só por un médico e que se reduza a poboación non debe ser excusa para prestar un menor servizo. Este médico ten unhas certas datas e horas asignadas o que merma a atención métrica da xente que non é paciente súa, que non teñen acceso por exemplo á atención telefónica. Ademais a poboación cada vez é máis maior, as distancias a asumir en atención domiciliaria é grande. Non





se cubren baixas por vacacións... teremos que facer unha petición en firme para poder mellorar o servizo con máis médicos.

O Alcalde intervén para decir que evidentemente estamos de acordo en todo o que sexa mellorar o servizo do Centro de Saúde, que de feito xa falamos no anterior Pleno deste problema, pero que non é só do noso centro de saúde, senón que é un problema xenérico; se só fora noso entendo que sería fácil de solventar, pero hai incluso municipios sen médico.... En Burela o outro día asistimos á manifestación, firmamos a proposta da Plataforma en Defensa da Sanidade porque estamos sen pediatra... así que entendo que temos que pedir para todos .. o outro día fumos á manifestación aínda que chovía , porque entendo que neste tema todos temos que mollarnos. Podemos aprobar a Moción, pero a súa repercusión entendo que non será moi grande. Invítovos a acudir á manifestación que hai convocada para o 12 de febreiro en Santiago... así que evidentemente estamos de acordo co que pide a Moción, pero debemos participar activamente todos en máis medidas que esa, porque é un problema xenérico que debe ser tratado en conxunto.

A Sra Maseda di que o que pide é que todos os veciños teñan o dereito ao mesmo acceso ao servizo.

Di o Alcalde que en Alfoz se estivo a recoller firmas e que en Santiago son conscientes das necesidades, preguntouse no Parlamento.... E o problema é a falta de médicos, probablemente polas condicións laborais que teñen.

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE para indicar que entendo que todos estamos de acordo co que di a Moción, que xa pasou o mesmo cando protestamos pola non cobertura dunha baixa programada... pero propongo que a petición non se limite a Alfoz, senón ao resto de Concellos de Galicia , e que a solución se teña máis pronto que tarde. Non é unha cuestión só do número de habitantes, senón do seu perfil, e que a poboación de maior idade precisa máis atención presencial.

A Sra Maseda insiste que eles piden a igualdade entre veciños, porque os que non pertencen á carteira de asistencia deste médico tardan unha semana máis en ser atendidos.

A Sra Incera insiste en facela máis extensiva para todos os Concellos de Galicia que están na mesma situación.

Toma a palabra o Sr. Geada Adrio , voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que di que está de acordo co proposto por Arantxa porque non é correcto que pidamos só para este concello , e ademáis entendo que chegamos tarde porque levamos dende febreiro do ano pasado sen un dos médicos. A situación agravouse dende que só hai un médico , pero creo que todos sabemos que para a semana que ven volverán ser dous. A Moción tal e como está plantexada non me entra, porque o que pasa é xeral, non só do Concello, e máis cando insisto que se ten coñecemento de que o cupo vaise a





cubrir. Basta con ir ao centro de saúde para sabelo, que xa están informando.

Indica o Alcalde que coincide en que o problema é xeral, non loca, e que incluso en Riotorto están sen servizo, e coincide en que traer esta moción cando xa se vai a solventar o problema parece un pouco oportunista.

O Sr. Geada Adrio dille ao Alcalde que opinamos o mesmo.

A Sra Incera di que é cousa de todos defender unha sanidade de calidade para todos.

O Sr. Geada di que esto si se tivera feito fai seis meses sería máis correcto.

A Sra Maseda di que eu non sabía fai seis meses que ese era o proceder cos veciños, que me enterei estas Navidades.

O Sr. Geada indica que se organiza a axenda do médico de forma que asume seis ou sete consultas do outro cupo, de ahí o retraso nas citas.

O Sr. Lorenzo di que cando se lles den vacacións volveremos a ter o mesmo problema.

O Alcalde di que xa no outro Pleno tratouse a proposta da Plataforma.

A Sra Maseda se mostra de acordo con ampliar o alcance da Moción.

A Sra Incera propón un texto novo e pide expresamente que todos acudan ás manifestacións e aos grupos de traballo.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á Moción referida, coa seguinte literalidade:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Centro de Saúde de Alfoz, pertencente ao Servizo Galego de Saúde (Sergas), presta á veciñanza de Alfoz un servizo fundamental para a promoción da saúde, vixilancia, información, diagnóstico e tratamento, sendo polo tanto imprescindible que para ditos servizos se conte cun número adecuado de profesionais.

Actualmente, o Centro de Saúde de Alfoz, da servizo a uns 1.500 usuarios, atendidos por dous médicos, necesarios para garantir unha correcta atención primaria.

Desde o Grupo Municipal de Via Alfoz facémonos eco das queixas dos usuarios do Centro de Saúde de Alfoz, comprobando que durante os últimos meses se prestaron os servizos de atención primaria cun só médico, xa que o Servizo Galego de Saúde (Sergas) non cubre a praza dos médicos que se atopan





de vacacións ou en situación de baixa laboral, desviando ademais os recursos a outros centros de saúde de concellos próximos. Esta situación séguese producindo a día de hoxe, coa baixa por maternidade dunha doutora e, probablemente, se vai prolongar durante as próximas datas.

En Via Alfoz considérase que non se pode consentir a desculpa do Sergas de que a sobrecarga de traballo do Centro de Saúde de Alfoz non é excesiva, baseándose unicamente no ratio máximo desexable de pacientes por galeno, xa que a situación de cada centro de saúde é diferente, e no caso de Alfoz débese ter en conta a existencia de pacientes de avanzada idade, sendo o número de asistentes a consulta mais elevado que noutros centros. Tamén se debe ter en conta a dispersión da poboación de Alfoz, que fai que as visitas domiciliarias provoquen que o centro de saúde quede sen médicos en determinadas horas.

Por este motivo son moitos os veciños e veciñas que quedan desatendidos ao non poder asumir un só médico toda a carga de usuarios, situación que se agravará no caso de xurdir algunha urxencia .

Esta situación reflexa a realidade de outros moitos Concellos de Galicia.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte ACORDO:

Solicitar á Xerencia de Atención Primaria do Servizo Galego de Saude e á Xerencia de Xestión integrada de Lugo, Cervo e Monforte que proceda a cubrir as baixas dos médicos, que se atopan de vacacións ou en situación de baixa laboral, para a correcta atención dos usuarios do Centro de Saúde de Alfoz, e tamén para o resto de Concellos de Galicia que se atopan na mesma situación precaria. “

5.2. MOCION SOLICITANDO O INDULTO PARA ROCKY MYERS(AMNISTIA INTERNACIONAL).-

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que se trae unha proposta similar a xa adoptada no Concello de Lugo.

Non se producen intervencións.

Vista a proposta incorporada no expediente que literalmente di:

“ Estimado alcalde: O grupo de Lugo de Amnistía Internacional traballa dende hai uns meses no caso de Rocky Myers, un home de raza negra que leva preto de 30 anos condenado á morte por asasinato dunha muller branca en Alabama, Estados Unidos.

O xurado que o condenou, composto case na súa totalidade por persoas brancas (11 de 12), propuxo a cadea perpetua, pero o xuíz impúxolle a pena de morte. Impoñer unha pena máis grave da proposta polo xurado está prohibido





en Alabama desde abril de 2017, pero esta medida, en contra do que din as normas internacionais, non ten efectos retroactivos.

Está previsto que a execución se leve a cabo por asfixia con nitróxeno na cámara de gas, unha vez que remate o protocolo que Alabama está a elaborar para a aplicación deste método. En canto este protocolo sexa aprobado Rocky Myers podería ser executado en calquera momento.

Desde Amnistía Internacional estámonos a dirixir a todos os alcaldes e alcaldesas da provincia solicitándolles que aproben unha moción ou declaración instando á gobernadora de Alabama a outorgar un indulto a Rocky Myers, polo que lle solicitamos dea traslado ao resto da Corporación da nosa petición.

O pasado 29 de setembro de 2022 o Pleno do Concello de Lugo aprobou unha declaración institucional da que lle achegamos unha copia por se lles pode servir de guía ou modelo:

O vindeiro 10 de outubro conmemórase o "Día Internacional Contra a pena de morte". Tendo en conta que hoxe en día son moitos os países onde aínda se mantén esta práctica inhumana e que o pleno do Concello de Lugo, no pleno do 24 de novembro de 2016, adheriuse a rede "Cidades pola Vida / Cidades contra a pena de morte", é compromiso deste Concello traballar nos ámbitos da súa competencia para conseguir a desaparición definitiva da pena capital.

Dende Amnistía Internacional déronnos traslado da situación de Rocky Myers, home de raza negra de 61 anos de idade, que se atopa no Corredor da morte no Estado norteamericano de Alabama, dende hai case trinta anos. Un caso no que esta ONX leva traballando dende hai uns meses por considerar que Rocky Meyers está encarcerado pese á falta de probas que o impliquen no asasinato polo que foi condenado e o supoñer que os prexuízos raciais afectaron ao xuízo, cun xurado composto por once, de doce, persoas de raza branca e coa defensa de oficio encomendada a un avogado vinculado durante anos ao Ku Klux Klan.

Consideran tamén que o xuíz impúxolle a pena de morte pese a que o xurado que o declarou culpable votou pola imposición da cadea perpetua, práctica xudicial de agravamento da pena actualmente prohibida en Alabama, pero sen efectos retroactivos.

En virtude de todo o cal, o Excmo. concello Pleno, a proposta de Amnistía Internacional, por unanimidade,

ACORDA:

- Solicitar á gobernadora de Alabama o indulto para Rocky Myers.
- Solicitar á gobernadora de Alabama unha moratoria na aplicación da pena de morte como paso previo á súa total abolición no Estado de Alabama.





- Dar traslado deste acordo á gobernadora de Alabama, á Embaixada de Estados Unidos en España e a grupo de Lugo de Amnistía Internacional'

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade ,
ACORDA:

Prestar aprobación á Moción .

6.-ASUNTOS DECLARADOS DE URXENCIA.-

Co permiso do Sr. Alcalde toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz para indicar que presentaron unha Moción por urxencia cúa redacción guarda relación co suceso que se coñece e sofre pola fochanca de Burela. Parécenos que debemos instar a todos os gobernos para que deixemos de ser unha zona desprotexida e incomunicada. A greta deixounos incomunicados e entendemos que é o momento oportuno para pedir que se melloren as comunicacións e non só o arranxo, senón tamén a autovía e o corredor para ver os resultados máis cedo que tarde.

Resposta o Sr. Alcalde que evidentemente todos queremos que se melloren as infraestructuras, pero traer o tema do socavón por moción de urxencia é lamentable. Hay 3 ou 4 anos xa estaba o problema, arranxouse o firme, e fai 15 días estivemos coa Secretaria de Estado de Infraestructuras cando veu polo tema da rotonda de Foz e en Cangas e xa se lle planteou o tema da autovía e dixo que ína sacar a licitación o primeiro tramo cando rematen o tema do estudo medioambiental e que hai reclamacións en Burela polo trazado. Tamén ao principio non había enlace e agora prevén facer un en San Martiño, para comunicar contra Asturias, e o problema é a Basílica por un viaducto, e están facendo o estudo do tema. Van a intentar licitar este ano, e ella é de San Cosme e coñece perfectamente a problemática... Pero é lamentable que por un socavón apareza esta necesidade de urxencia, polo que se considera que esta Moción é oportunista. Está a punto de solventarse o problema, e ademais en dous días buscouse unha alternativa. O ideal é que houber dúas vías alternativas.

Pregunta a Sra Maseda qué está solventado.

Di o Sr. Alcalde que cree que para a semana vai quedar caso listo.

Dille a Sra Maseda que se nota que non pasa por ahí, que ella pasa dúas veces ao día.

Di o Sr. Alcalde que claro que paso, que a problemática xa é de antes, que se rexenerou o firme dende o Castelo ata San Cosme, .. estou de acordo co que se pode, cómo non, pero resulta moi oportunista cando aparece o problema.





Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación , en votación ordinaria, co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Declarar a urxencia para a inclusión da Moción na Orde do día.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ PARA INSTAR ÁS ADMINISTRACIÓNS RESPONSABLES Á MELLORA DAS VÍAS DE COMUNICACIÓN DA MARIÑA

Consta no expediente Moción presentada o día 26/01/2023 (RE 59):

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de Via Alfoz presenta a seguinte MOCIÓN para a súa discusión no PLENO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos días, o xa coñecido déficit na comunicación por estrada na Mariña, veuse acrecentado polo corte ao tráfico da estrada N-642, debido á gran fochanca aparecida na entrada de Burela dende Foz. Isto supuxo que os usuarios da devandita estrada soportasen importantes demoras nos seus desprazamentos, con elevado impacto social e económico para unha comarca de 70.000 habitantes.

O desvío provisional por Rúa, autorizado nun principio, foi cerrado posteriormente debido as malas condicións de seguridade, fundamentalmente para o tráfico de camións e autobuses, quedando como única alternativa de comunicación a estrada LU-161 que conecta Viveiro e Ferreira. A última hora do domingo prodúcese a apertura ao tráfico dun carril da estrada, con regulación por semáforo.

Desde o Grupo Municipal de Via Alfoz consideramos que existe unha débeda histórica coas infraestruturas da Mariña. Ademais, as demandadas construcións da Autovía A-74 e da Vía da Alta Capacidade da Costa Norte GC-2.3, foron esquecidas polos diferentes gobernos, e ano tras ano vemos como os orzamentos dos mesmos se esquecen destas obras. Consideramos lamentable que unha rotura na N-642 deixe practicamente incomunicada toda a Mariña, por carecer de alternativas rápidas e seguras por estrada.

É por iso, que o Grupo Municipal de Via Alfoz propón ao Pleno que se tome os seguintes ACORDOS :





1. Instar ao Goberno Central a unha rápida reparación da N-642, que posibilite a recuperación total do tráfico na mesma.
2. Instar ao Goberno Central a activación da construción da autovía A-74, para paliar o importante déficit nas comunicacións por estrada na Mariña Central e Occidental.
3. Instar á Xunta de Galicia ao remate da construción da Vía da Alta Capacidade da Costa Norte GC-2.3, para paliar o importante déficit nas comunicacións por estrada na Mariña Occidental.
4. Trasladar esta moción a tódolos Concellos da Mariña e tamén a Mancomunidade de Concellos, para que valoren solicitar ao Goberno Central e á Xunta de Galicia o cumprimento dos devanditos puntos anteriores.

O Alcalde indica que se votará a favor, sen perxuro de querer deixar constancia de que lle parece unha Moción oportunista.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, co resultado de oito votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, ACORDA:

Prestar aprobación á Moción.

PARTE DE CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

7 - DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA, DENDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.

Indica o sr. Alcalde que os tedos á vosa disposición puntualmente no Gestiona .

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Geada Adrio, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, a pregunta do Sr. Alcalde, indica que pola súa parte non se fará ningunha.

Toma a palabra a Sra Maseda Paz, voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz, para formular as seguintes preguntas:

- ¿ Cando se vai a iniciar o servizo do SAF coa nova empresa?

Resposta o Sr. Alcalde que tense pensado o 1 de marzo.

- A xente que está en lista de espera para acceder ao servizo ¿ Se lle vai a





retrasar ou se lle vai a empezar a prestar? Porque cando mandan a resolución de dependencia di que o Concello ten un prazo de tres meses para empezar a prestar o servizo.

Responde o Sr. Alcalde que o Concello presta o número de horas de dependencia que da a Xunta de Galicia, que a Xunta concede horas ao usuario, pero non inmediatamente ao Concello .

Toma a palabra a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG-PSOE, para decir que o cambio de empresa non supón un cambio de horas no servizo, aínda que sí vai a haber melloras en atencións, como acompañamento médico.

Indica o Sr. Alcalde que se vai a subrogar ao persoal e non afecta ao número de horas.

- ¿ Cómo está o contrato das escolas deportivas?

Resposta o Alcalde que en fase de licitación.

A Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG- PSOE indica que está en prórroga actualmente e se está preparando o expediente.

- Tivemos noticia de que se vai a celebrar a comida da Terceira Idade o 4 de Marzo. ¿ Ides facer agasallos ás persoas?.

Resposta a Sra Incera, voceira do Grupo Municipal do PsdG- PSOE para indicar que a data aínda non é oficial, pero se está organizando e xa se informará e invitará formalmente.

Di o Sr. Alcalde que quén duda de eso.

A Sra Maseda di que máis que pregunta fai o rogo de que se agasalle aos matrimonios.

A Sra Incera di que xa estamos tendo en conta os anos do coronavirus e temos intención de cubrir tres anualidades.

- Sabemos pola prensa que teñen unha partida para asumir o arranxo de beirarúas de A Seara. ¿ Cál é a localización?

Resposta o Sr. Alcalde que estamos a facer o proxecto para amañar as deterioradas e facelas diante do Centro Médico.

Pregunta a Sra Maseda polas da carretera principal.

Resposta o Sr. Alcalde que eso é da Xunta de Galicia.

- Sobre a retirada dos aparellos ximnásticos do parque. Non hai a sinalización.

Indica o Sr Alcalde que se van colocar a semana que ven, que as papeleiras se van a retirar que hai contenedores a 10 metros e así non hai dobre traballo para os operarios e facemos de paso educación ambiental.





- Si se ten feito entrega das pistas de concentración parcelaria ao Concello ¿ Quén é o encargado do seu mantemento? Porque non se fai nin a limpeza.

Responde o Sr. Alcalde que é competencia do Concello.

Indica a Sra Maseda que as que comunican Alfoz e o Valadouro están moi mal.

Responde o Sr. Alcalde que non tanto, que algunha sí que ten uns furados, pero non son prioritarias porque non van ás casas e non ten que pasar ningunha ambulancia. Cando toque xa se arreglarán.

Pregunta a Sra Maseda se non están en garantía.

Indica o Sr. Alcalde que en todo caso sería da empresa que executou a obra.

Se formula pola voceira do Grupo Municipal VIA Alfoz os seguintes ROGOS:

- Que na saída do CEIP na parada de autobús se pinte e sinalice.

Resposta o Sr. Alcalde que xa vai contemplado no proxecto o repintado da zona.

- Que se coloque unha marquesiña para os nenos mentres non se abra a porta do Colexio,

Resposta o Alcalde si van caber todos os nenos dentro da marquesiña e que cando chega o autobús o colexio xa está aberto.

Pregunta a Sra Maseda e para os pais?

Resposta o Sr Alcalde que supoño que virán en coche, pero que hai unha en desuso no almacén e pódese poñer.

E non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas trinta e tres minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coa firma do Alcalde e da Secretaria que da fe.

O ALCALDE.
Vº e Prace. _

A SECRETARIA

